



Este ano o Día das Letras Galegas lembra ó escritor e empresario **Valentín Paz Andrade**, amigo de **Isaac Díaz Pardo**, artista e emprendedor de actividades empresariais e culturais ó que a nosa Biblioteca adicou unha exposición, por mor do seu falecemento, este 5 de xaneiro .

Da faceta de empresario de Isaac Díaz Pardo temos expostos, en dúas vitrinas no vestíbulo do centro, exemplos do labor ó que adicou con tanto interese a maior parte da súa vida. Sobre este traballo precisamente queremos propoñervos este

ENIGMA DE SARGADELOS

A primeira das empresas de Díaz Pardo foi creada(1) catro anos despois da publicación de *Sempre en Galiza*. Está situada en Sada e o seu nome(2) serve tamén para designar unha editorial creada por el mesmo o ano(3) en que se escolle o 17 de Maio como Día das Letras Galegas e que se lle adica a Rosalía de Castro.

A segunda empresa, Sargadelos, está situada nun concello da mariña luguesa cuxo nome(4) designa unha especie animal á que pertence o protagonista dunha película de Disney xunto con Tambor e Flor.

Esta fábrica fora fundada inicialmente como siderurxia por un home(5), nacido en 1749, que foi marqués e propietario do pazo no que hoxe está o Concello de Ribadeo. Nun segundo momento, a fábrica dedicárase a producir pezas para o servizo de mesa. Xa entrado en anos, este home foi acusado de afrancesado e, no ano(6) en que as milicias populares galegas derrotan ós franceses na batalla de Ponte Sampaio, asasinado por opoñerse á nobreza e ó clero e por ser amigo dun político español da época(7) ó que chamaron "Príncipe da Paz".

No ano(8) en que se adica o Día das Letras Galegas a Florentino López Cuevillas, Díaz Pardo e o seu Laboratorio de Formas retoma a fabricación dese tipo de pezas na vella factoría, unha vez restaurada. A súa intención era que os beneficios obtidos se investisen en actividades culturais.

As pezas alí fabricadas utilizan como materia prima unha arxila branca(9) moi pura cuxo nome procede do chinés. Con ela fábranse obxectos de cerámica que se caracterizan por ser sometidos na última fase a un proceso(10) polo que adquiren un aspecto similar ó vidro, unha vez acadada unha temperatura(11) que coincide *grosso modo* coa altura do monte Ardal (Albacete). As dúas cores características(12) das pezas de Sargadelos descubrialas se te fixas nas dúas vitrinas que hai no vestíbulo.

Para o deseño dos produtos, os autores inspiráronse nos cultos e tradicións da terra(13) que os romanos chamaron GALLAECIA. Así o podemos ver, na vitrina dereita, nas pezas que reproducen os colgantes defensivos, como o que se utiliza contra os retorcidos de todo tipo(14) ou contra os que fan o traballo máis complicado do que é(15). Vemos tamén o recipiente para a queimada, que hai que facer pronunciando o famoso esconxuro:

Mouchos, coruxas...

Continúao ti ata completar os cinco primeiros versos(16).

De inspiración tamén lles serven animais moi nosos, como se reflicte na peza que reproduce a nai(17) dos xatos, ou personaxes populares. Destes, destacaríamos nas vitrinas tres. Un deles (18) pertence a un gremio que fala o barallete. A outra(19) Rosalía de Castro adícalle un poema en *Cantares Gallegos* no que di del que

Sempre pola vila entraba
con aquél de señorío;
sempre con poxante brío
co tambor se acompañaba

O terceiro(20) representa a un ladrón que, disfrazado de peregrino, asaltaba os que percorrían o Camiño de Santiago. Igualmente, están presentes na súa colección personaxes galegos destacados, como o literato (21) que dá nome a un instituto de Vigo moi querido polos seus alumnos e que verás na vitrina esquerda.

Dentro da produción de Sargadelos atopamos tamén medallas conmemorativas. Das que hai na vitrina salientamos dúas: unha, adícase á exposición do libro galego que se celebrou nunha cidade catalá(22) que localizamos no mapa na latitude 41.38 / lonxitude 2.18; a outra, á celebración do bimilenario da fundación dunha cidade galega(23) por parte de Paulo Fabio Máximo no ano 25 a. C.

O conxunto de pezas máis importante da produción de Sargadelos son as vaixelas. Os deseñadores baséanse, para as formas e decoración, nos nosos monumentos. Así, na vitrina da dereita verás unha sopeira branca coa forma chamada "portomarínica" porque se inspira nos caneliños da igrexa de San Xoán dunha vila(24) que foi asolagada ó construírse o encoro de Belesar. Outras pezas levan unha decoración denominada "monférica" porque reproduce a fachada dun mosteiro(25) fundado en 1134 polos nobres Alfonso Bermúdez e Pedro Osorio. Con todo, tamén lles gusta representar elementos doutras culturas como, por exemplo, ese ser mitolóxico grego(26) con rostro de muller, peito, patas, rabo de león e ás de ave rapina que era moi querida polos exipcios.

Se contestaches correctamente, terás desvelado moitos dos enigmas que che propuxemos en torno á cerámica de Sargadelos.

Vigo, maio de 2012